



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE MANTEMENTO PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA “O MUÍÑO”, ORDES**

**RECLAMACION 2ª Fase: Fase de concurso. Valoración de méritos**

En Ordes, a 14 de xuño de 2017, sendo as nove horas e quince minutos reúnese na oficina da Técnico Local de Emprego do Concello o Tribunal que ha de xulgar a CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE MANTEMENTO PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA “O MUÍÑO”, ORDES, convocada por resolución de alcaldía de data 18 de maio de 2017.

Asisten o Sr. Presidente D. Jesús Carreira Salvadores (Tesuoreiro municipal) e os vogais Srs.:

- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- María Tembra Túñez, técnica de cultura.

Escusa a súa asistencia Dª. Yolanda Cela Villaverde, técnica local de emprego.

Actúa como Secretaria do Tribunal, Dª. Yolanda Castro Mosquera, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose a dar conta das reclamacións presentadas á valoración provisional dos méritos realizada correspondente á 2ª Fase, Fase de concurso:

- JOSE MANUEL MOAR MIRÁS, con DNI nº 79318262W, presentada con data 12/06/2017, rexistro de entrada nº 2912.

**RECLAMACIÓN PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL MOAR MIRÁS**

Solicita a revisión da valoración efectuada dos méritos segundo a documentación presentada. Como experiencia profesional debería obter dous puntos xa que dispón de certificados que demostran que traballou máis de dous anos en postos similares ou superiores na administración pública. Debería obter cero cincuenta puntos por acreditar estar en posesión dun curso de prevención de riscos laborais.

De acordo coas bases que regulan este proceso selectivo a valoración dos servizos prestados como persoal estatutario ou laboral na Administración Pública, ten que ser en praza ou posto relacionado co convocado, nun lugar igual ou similar, ou superior. O certificado de servizos prestados de forma discontinua durante os anos 2012 a 2014 no concello de Oroso é para a realización de funcións como oficial 1ª de obras, que non gardan relación co posto convocado. O certificado presentado non indica que funcións ou tarefas desempeñadas como oficial 1ª gardan relación co posto de peón de mantemento de piscinas.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A valoración do mérito que acredite estar en posesión dun curso de prevención de riscos laborais, tendo en conta o posto convocado, realizouse valorando unicamente aqueles cursos que acrediten unha formación adecuada en prevención de riscos laborais en piscinas de uso colectivo, que acrediten unha capacitación para traballar de forma máis segura nestas instalacións. Curso que acredite os coñecementos necesarios para a prevención dos riscos no desenvolvemento do traballo de operario de mantemento de piscinas, coñecemento da lexislación, as responsabilidades e sancións, dos riscos das zonas de baño, o uso adecuado das instalacións, así como a prevención de lesións, os axentes biolóxicos e produtos químicos, ...etc. Non se tiveron en conta cursos xenéricos de prevención de riscos laborais ou cursos de prevención de riscos laborais noutros sectores de actividade que non garda relación co posto ofertado. O curso de prevención en riscos laborais presentado é do nivel básico de prevención en construción.

Por todo o anterior, a reclamación de revisión da valoración provisional de méritos presentada non pode ser estimada.

Non habendo outras reclamacións formuladas durante o trámite de alegacións concedido ao efecto, procede confirmar a valoración provisional de méritos efectuada, elevando esta a definitiva.

### FASE DE CONCURSO: MÉRITOS

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	Experiencia na Admon. Pública	Experiencia fora Admon. Pública	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	PUNTUACIÓN
García Busto, Roberto	76865604H	0,25	0,00	0,00	0,00	0,25
Moar Mirás, José Manuel	79318262W	0,00	0,00	0,00	0,50	0,50
Ramos Sánchez, Juan Carlos	79315072D	0,00	0,00	0,00	0,50	0,50
Liñares Rey, Álvaro José	45905290G	.....	.....	.....	.....	Excluído
Moar Blanco, Darío	46095404T	.....	.....	.....	.....	Excluído
Otero Rodríguez, José Antonio	45907093J	.....	.....	.....	.....	Excluído

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección resolvendo as reclamacións suscitadas poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recuso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

Tendo en conta a resposta do Tribunal á reclamación suscitada, procédese a determinar a orde de clasificación definitiva dos aspirantes, que é o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

### VALORACIÓN TOTAL DEFINITIVA

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	PUNTUACIÓN
García Busto, Roberto	76865604H	9,75
Moar Mirás, José Manuel	79318262W	9,00
Ramos Sánchez, Juan Carlos	79315072D	5,50



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

O Tribunal acorda que se publiquen os resultados coas puntuacións asignadas a cada aspirante, no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal.

Para rematar, o Tribunal de conformidade co establecido na Base 9ª procede a formular proposta definitiva de contratación ao Sr. Alcalde do aspirante seguinte:

APellidos e Nome	DNI/NIE
García Busto, Roberto	76865604H

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as nove horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente

Jesús Carreira Salvadores

A Secretaria

Yolanda Castro Mosquera